

AS BACTERIAS

1. Marca as características correctas de cada columna.

Son pluricelulares 	Toman alimento 	Son acuáticos 
Son unicelulares 	Fabrican o seu alimento ou necesitan tomalo 	Abundan en zonas húmidas 
Son unicelulares ou pluricelulares 	Fabrican o seu alimento 	Viven en todos os lugares da Terra 

2. Completa as frases:

- O reino das bacterias está formado por....
- Habitan na ...
- Viven en temperaturas
- Reprodúcense ...

3. Une as columnas

Bacilos



teñen forma de espiral.

Espirilos



teñen forma de bastón.

Cocos



teñen forma de esfera.

4. Cal das afirmacións é correcta? Selecciona a que consideres correcta.

As bacterias non teñen células.	As bacterias son pluricelulares.	As bacterias son unicelulares.
As bacterias non son importantes para o ser humano.	As bacterias son importantes para o ser humano.	
As bacterias non viven no noso corpo porque enfermaríamos.	Hai bacterias que viven no noso intestino e axúdanos a facer a dixestión.	
As bacterias do noso corpo "deféndennos" e impiden que medren outras prexudiciais.	As bacterias do noso corpo axudan as bacterias do exterior a infectarnos.	
As bacterias non son seres vivos.	As bacterias son seres vivos.	
As bacterias que nos enferman non poden tratarse con antibióticos.	As bacterias que nos enferman poden tratarse con antibióticos.	
Utilizamos bacterias para elaborar alimentos como o café ou o leite.	Utilizamos bacterias para elaborar alimentos como iogures e queixos.	
Podemos contraer enfermidades coma o Covid-19 por mor da bacteria Sars-Cov-2.	Podemos contraer enfermidades coma a salmonelose debido a unha bacteria.	
O xabón e a lixivia destrúen moitas bacterias.	A auga destrúe moitísimas bacterias, por iso é importantísimo lavarse as mans con moita auga.	
Para eliminar bacterias é bo non lavar as mans nin os alimentos que comamos crús como as mazás.	Para eliminar bacterias prexudiciais é bo lavar as mans e os alimentos que comamos crús como as mazás.	